

# BOLETÍN OFICIAL DE LAS CORTES GENERALES

## **CONGRESO DE LOS DIPUTADOS**

XV LEGISLATURA

Serie B: PROPOSICIONES DE LEY

21 de noviembre de 2025

Núm. 283-1

Pág. 1

## PROPOSICIÓN DE LEY

122/000238 Proposición de Ley Orgánica para la transferencia de competencias en materia de aeropuertos de interés general a la Comunidad Autónoma de Galicia.

Presentada por el Grupo Parlamentario Mixto.

La Mesa de la Cámara, en su reunión del día de hoy, ha adoptado el acuerdo que se indica respecto del asunto de referencia.

(122) Proposición de ley de Grupos Parlamentarios del Congreso.

Autor: Grupo Parlamentario Mixto

Proposición de Ley Orgánica para la transferencia de competencias en materia de aeropuertos de interés general a la Comunidad Autónoma de Galicia.

#### Acuerdo:

Admitir a trámite, trasladar al Gobierno a los efectos del artículo 126 del Reglamento, publicar en el Boletín Oficial de las Cortes Generales y notificar al autor de la iniciativa.

En ejecución de dicho acuerdo se ordena la publicación de conformidad con el artículo 97 del Reglamento de la Cámara.

Palacio del Congreso de los Diputados, 18 de noviembre de 2025.—P.D. El Secretario General del Congreso de los Diputados, **Fernando Galindo Elola-Olaso.** 

#### A la Mesa del Congreso

El Grupo Parlamentario Mixto, a instancia del diputado del Bloque Nacionalista Galego (BNG), Néstor Rego Candamil, al amparo de lo dispuesto en el artículo 124 y siguientes del Reglamento de la Cámara vigente, presenta la siguiente Proposición de Ley Orgánica para la transferencia de competencias en materia de aeropuertos de interés general a la Comunidad Autónoma de Galicia, para su debate en el Pleno.

Palacio del Congreso de los Diputados, 11 de noviembre de 2025.—**Néstor Rego Candamil,** Portavoz del Grupo Parlamentario Mixto.

Serie B Núm. 283-1 21 de noviembre de 2025 Pág. 2

PROPOSICIÓN DE LEY ORGÁNICA PARA LA TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE AEROPUERTOS DE INTERÉS GENERAL A LA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA

#### Exposición de motivos

Los aeropuertos son una infraestructura esencial para contribuir al desarrollo económico y social de un territorio. Su importancia va más allá de facilitar la movilidad con conexiones ágiles entre lugares remotos, ya que un uso eficaz e integrador con otras infraestructuras de transporte permite establecer sinergias entre diversos sectores económicos y dinamizar las economías de su entorno.

El modelo aeroportuario del Estado español, en el que Galicia está incluida, se basa en un concepto centralizado que reduce la autonomía en la gestión de los aeropuertos. Sin embargo, existen otros modelos exitosos que, partiendo de la vinculación con el territorio que tienen estas infraestructuras y, por tanto, de su condición de agentes económicos, han implementado modelos de gestión aeroportuaria con mayor descentralización para una mayor asociación con los intereses económicos del territorio en el que se ubican. Estos modelos, basados en la proximidad y la conciliación entre las operaciones de enlaces aéreos y las actividades terrestres vinculadas a la movilidad que facilita y promueve el transporte aéreo, requieren una coordinación y vinculación con las políticas económicas propias de cada territorio y, para ello, deben contar con una presencia, representación y capacidad de decisión relevantes de sus propias instituciones.

El Estado español sigue ajeno a esta tendencia de dotar de autonomía a los aeropuertos para establecer políticas de gestión diferenciadas que permitan el despliegue de estrategias que no se centren exclusivamente en la implementación de una red de enlaces aéreos en pos de intereses centralistas que se afanan por fortalecer la creación de varios centros de transporte aéreo de referencia —muy dependientes de las grandes ciudades o zonas con mayor actividad turística— relegando a un papel secundario a la mayor parte de las infraestructuras aeroportuarias.

En el caso de Galicia, esta visión política se lleva a cabo en la actualidad por AENA, lo que implica que la gestión aeroportuaria no tiene en cuenta ni la realidad territorial ni los intereses económicos gallegos.

Los aeropuertos gallegos no cuentan con una estrategia coordinada, definida y clara para poder tejer una red de enlaces aéreos que responda a los intereses y prioridades reales de Galicia, sino que están sometidos a una planificación que prioriza el fortalecimiento de los grandes aeropuertos a los que se subordina la actividad del resto. Esto reduce claramente la capacidad de aprovechar todo el potencial de las infraestructuras aeroportuarias en Galicia e incluso implica que se vean sometidas a incertidumbres derivadas de cambios en la programación de las compañías aéreas. Según datos de AENA, los tres aeropuertos de Galicia cerraron 2024 con una cifra cercana a los 5,93 millones de usuarios, lo que, siendo una cifra similar a la que tenían estas instalaciones el año anterior a la irrupción de la pandemia de la COVID, aún está a casi tres millones de personas pasajeras de su límite operativo.

Este déficit a la hora de buscar un aprovechamiento del potencial óptimo de los aeropuertos gallegos no se corregirá si se sigue manteniendo una gestión siguiendo los parámetros del modelo actual, porque las prioridades no se establecen en función de objetivos para la mejora de la economía del territorio donde se asientan, sino más bien en función de potenciar una red de enlaces que favorezca la rentabilidad de los operadores aéreos. Y tampoco parece que se hayan obtenido resultados positivos desde la regulación legal (a través del Real Decreto-ley 20/2012) y la constitución formal (en 2014) de los denominados Comités de Coordinación Aeroportuaria, vinculados a AENA, que solo permiten una participación testimonial y parcialmente colaborativa de instituciones autonómicas y locales, pero que limitan el establecimiento de estrategias

Serie B Núm. 283-1 21 de noviembre de 2025 Pág. 3

propias y adecuadas que atiendan a los intereses, en nuestro caso, de Galicia, que se aparten de las directrices generales centralizadoras que establece AENA.

La importancia del tráfico aeroportuario en Galicia es cada vez más relevante, no solo por el aumento de personas viajeras y de mercancías que se registra cada año, sino porque es necesario considerar los aeropuertos no simplemente como instalaciones que facilitan enlaces de transporte aéreo, sino como un dinamizador que también opera para fortalecer y desarrollar otros sectores del tejido económico de Galicia.

Por lo tanto, es una necesidad urgente que las propias instituciones de autogobierno de Galicia puedan asumir las competencias en materia de aeropuertos de interés general para diseñar una política propia que además es oportuna dada la peculiar ubicación geográfica de Galicia, con la competencia próxima de otros aeropuertos internacionales.

El vigente artículo del Estatuto de Autonomía contempla únicamente la competencia exclusiva en los aeropuertos y helipuertos no clasificados como de interés general (artículo 27.9). Sin embargo, al margen de las disposiciones legales, el artículo 150.2 de la Constitución faculta al Estado a transferir o delegar en las Comunidades Autónomas, mediante Ley Orgánica, facultades correspondientes a materias de titularidad estatal que por su naturaleza sean susceptibles de transferencia o delegación.

Así, la vía legal habilitada por el citado artículo 150.2 constituye una técnica de intervención extraordinaria para transferir el ejercicio de facultades y competencias de titularidad estatal a las Comunidades Autónomas. Al mismo tiempo, permite modificar el reparto competencial entre el Estado y las Comunidades Autónomas que se deduce de la Constitución, flexibilizar los límites que esta norma impone y ampliar el techo competencial de las Comunidades Autónomas a medida que se van asentando, tanto jurídica como socialmente.

La presente proposición de ley orgánica regula la transferencia de la titularidad de los aeropuertos de interés general en Galicia, incluyendo los bienes de dominio público afectos a la actividad aeroportuaria, así como el traspaso de la competencia de las funciones de ejecución en materia aeroportuaria, dejando a salvo las de navegación aérea. Esta articulación es coherente además con la propia delimitación que existe en la regulación sobre la materia aérea, tanto en la legislación estatal como en las directivas europeas y la normativa internacional, que distingue las funciones de seguridad, certificación y navegación aérea de las de gestión aeroportuaria.

#### Artículo 1. Objeto de la ley.

La presente ley tiene por objeto transferir, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 150.2 de la Constitución, las competencias de titularidad estatal en materia de gestión de infraestructuras aeroportuarias a la Comunidad Autónoma de Galicia, en los términos establecidos en los artículos siguientes.

#### Artículo 2. Transferencia de competencias.

Se transfiere a la Comunidad Autónoma de Galicia la competencia exclusiva en materia de aeródromos y aeropuertos civiles ubicados en el territorio de la citada Comunidad, tránsito y transporte aéreo en el espacio aéreo de Galicia.

Esta transferencia implica el traspaso de la titularidad de los aeropuertos de interés general y los bienes de dominio público afectos a «AENA Aeropuertos, S.A.» sitos en Galicia y las competencias de ejecución de la legislación y política aeroportuaria estatal, lo que comprende, en todo caso, el control del régimen jurídico, la ordenación, dirección, coordinación, explotación, conservación y administración del sistema aeroportuario de Galicia y de los servicios que se prestan en su interior.

Las competencias que se transfieren se entienden sin perjuicio de aquellas de competencia estatal relacionadas con los servicios que se prestan en los aeropuertos de defensa, seguridad exterior, aduanas y sanidad exterior, que seguirán siendo ejercidas por las unidades de la Administración General del Estado adscritas a dichos servicios.

## **BOLETÍN OFICIAL DE LAS CORTES GENERALES**

## CONGRESO DE LOS DIPUTADOS

Serie B Núm. 283-1 21 de noviembre de 2025 Pág. 4

#### Artículo 3. Funciones encomendadas.

En virtud de lo dispuesto en la presente ley, una vez realizado el traspaso de los servicios correspondientes, la Comunidad Autónoma de Galicia tendrá encomendadas las siguientes funciones:

- a. Ordenación, dirección, coordinación, explotación, conservación y administración de los aeropuertos públicos de carácter civil situados en el territorio de Galicia, y de los servicios afectos a los mismos, sin perjuicio de lo dispuesto en el párrafo tercero del artículo 2 de la presente ley.
- b. Planificación de infraestructuras aeroportuarias y de las de navegación aérea asociadas al uso de los aeropuertos.
- c. Proyecto, ejecución, dirección y control de las inversiones en infraestructuras e instalaciones en aeropuertos gallegos.
- d. Diseño, creación y aprobación de tasas y precios públicos y privados por la utilización del dominio público aeroportuario, así como la exacción y recaudación, sin perjuicio de las tasas específicas vinculadas a la navegación aérea que la normativa atribuye a ENAIRE.
- e. Participación en enseñanzas específicas relacionados con el transporte aéreo y sujetas a la concesión de licencia oficial.

#### Artículo 4. Condiciones para el ejercicio de las competencias.

- 1. La Comunidad Autónoma de Galicia ejercerá las funciones transferidas de acuerdo con los principios de eficacia, coordinación y colaboración con la Administración del Estado.
- 2. Las facultades y servicios transferidos mantendrán el nivel de eficacia que tenían en el momento de la transferencia.
- 3. El ejercicio de las competencias transferidas será efectivo y se asumirá en el momento en que se haga efectiva la transferencia de medios personales, materiales, financieros y presupuestarios mediante el acuerdo de la Comisión Mixta de Transferencias entre el Estado y la Xunta de Galicia y una vez aprobado el correspondiente Real Decreto de traspaso de servicios.

#### Artículo 5. Modalidades de control.

- 1. La Comunidad Autónoma de Galicia adaptará el ejercicio de las competencias transferidas por la presente ley orgánica a los siguientes principios y controles:
- a. La Comunidad Autónoma de Galicia facilitará a la Administración del Estado la información que esta solicite sobre las materias objeto de la transferencia.
- b. La Administración del Estado y la Comunidad Autónoma de Galicia se facilitarán recíprocamente el acceso y la gestión de la información que fueran precisos para el ejercicio de sus respectivas competencias.
- 2. Para estos fines, se constituirá una Comisión Bilateral específica para abordar la coordinación y la colaboración en materia aeroportuaria, que se constituirá una vez que se haya acordado el traspaso de los servicios objeto de la presente ley.

#### Disposición adicional única. Traspaso de servicios.

- 1. Las Comisiones Mixtas de traspaso de servicios requerirán los medios materiales y financieros que sean necesarios para el cumplimiento de las funciones comprendidas en los ámbitos de competencias que se transfieren en la presente ley y, en su caso, concretarán cuáles de las funciones llevarán a cabo a través de órganos de cooperación, o ajustarán su ejercicio a planes o programas de carácter general.
- 2. El personal al servicio de los aeropuertos vinculado a AENA, S.A. que, en el momento de realizarse el traspaso efectivo de la gestión, esté adscrito a la unidad,

Serie B Núm. 283-1 21 de noviembre de 2025 Pág. 5

servicio u organismo dependiente de la administración gallega que se cree o se designe para el ejercicio de competencias aeroportuarias, gozará, en todo caso, de los mismos derechos laborales que ostentaba, en particular en lo relativo al régimen retributivo, de clasificación profesional, reconocimiento de antigüedad y regulación de permisos y excedencias laborales.

Disposición final primera. Entrada en vigor.

La presente ley orgánica entrará en vigor el día siguiente de su publicación en el «Boletín Oficial del Estado».

Disposición final segunda. Facultades de desarrollo.

La transferencia de competencias prevista en esta ley orgánica faculta a la Comunidad Autónoma de Galicia a llevar a cabo el desarrollo legal y reglamentario necesario para su ejercicio.

#### Á Mesa do Congreso

O Grupo Parlamentar Mixto, a instancia do deputado do Bloque Nacionalista Galego (BNG), Néstor Rego Candamil, ao abeiro do disposto no artigo 124 e seguintes do vixente Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición de Lei Orgánica para a transferencia de competencias en materia de aeroportos de interese xeral á Comunidade Autónoma da Galiza, para o seu debate en Pleno.

Pazo do Congreso dos Deputados, 11 de novembro de 2025.—**Néstor Rego Candamil,** Portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.

PROPOSICIÓN DE LEI ORGÁNICA PARA A TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE AEROPORTOS DE INTERESE XERAL Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DA GALIZA

#### Exposición de motivos

Os aeroportos son unha infraestrutura esencial para contribuír ao desenvolvemento económico e social dun territorio. A súa importancia vai alén de facilitar a mobilidade con conexións áxiles entre lugares remotos, pois un uso eficaz e integrador con outras infraestruturas de transporte permite estabelecer sinerxias entre diversos sectores económicos e dinamizar as economías do seu contorno.

O modelo aeroportuario do Estado español, no que se insire a Galiza, está baseado nunha concepción centralizada que resta autonomía na xestión dos aeroportos. Porén, existen outros modelos de éxito que, partindo da vinculación co territorio que teñen estas infraestruturas e, por tanto, da súa condición como axentes económicos, implantaron modelos de xestión aeroportuaria con maior descentralización para unha maior asociación cos intereses económicos do territorio onde se asentan. Estes modelos, baseados na proximidade e conciliación entre as operacións de enlaces aéreos e as actividades terrestres vinculadas a esa mobilidade que facilita e promove o transporte aéreo, requiren dunha coordinación e vinculación coas políticas económicas propias de cada territorio e para iso deben contar cunha presenza, representación e capacidade de decisión relevantes das institucións propias.

O Estado español permanece alleo a esta tendencia de dotar de autonomía aos aeroportos para estabelecer políticas de xestión diferenciada que permitan o despregamento de estratexias que non se centren, exclusivamente, na implementación dunha rede de enlaces aéreos en prol de intereses centralistas que se afanan en

Serie B Núm. 283-1 21 de noviembre de 2025 Pág. 6

afortalar a creación de varios polos de transporte aéreos de referencia -moi dependentes das grandes cidades ou zonas con maior actividade turística- deixando nun papel secundario a maior parte das infraestruturas aeroportuarias.

No caso da Galiza, esta visión política execútase na actualidade por AENA, e implica que a xestión aeroportuaria non teña en consideración nin a realidade territorial, nin os intereses económicos galegos.

Os aeroportos galegos non contan cunha estratexia coordinada, definida e clara para poder tecer unha rede de enlaces aéreos que responda aos intereses e prioridades reais da Galiza, senón que están sometidos a unha planificación que prima o fortalecemento de grandes aeroportos aos cales se subordinada a actividade dos restantes. Isto resta, claramente, a capacidade de aproveitar todo o potencial das infraestruturas aeroportuarias na Galiza e mesmo implica que se vexan sometidas a incertezas derivadas de mudanzas na programación das compañías aéreas. Segundo os datos de AENA os tres aeroportos da Galiza pecharon 2024 cunha cifra próxima aos 5,93 millóns de persoas usuarias que, sendo unha cifra similar aos que tiveron estas instalacións no ano anterior á irrupción da pandemia da COVID, aínda fica a case tres millóns de persoas pasaxeiras do seu límite operativo.

Este déficit á hora de procurar un aproveitamento do potencial óptimo dos aeroportos galegos non se vai corrixir de seguir mantendo unha xestión baixo os parámetros do modelo actual, porque as prioridades non se estabelecen en función de obxectivos para a mellora da economía do territorio onde se asentan senón en función de potenciar unha rede de enlaces que favoreza a rendibilidade dos operadores aéreos. E tampouco semella que se obtivesen resultados positivos desde a regulación legal (a través do Real decreto-Lei 20/2012) e constitución formal (en 2014) dos denominados Comités de Coordinación Aeroportuaria, vinculados a AENA, que só permiten unha participación testemuñal e parcialmente colaborativa de institucións autonómicas e locais, mais que limitan o estabelecemento de estratexias propias e acaídas que atendan aos intereses, no noso caso, da Galiza que se aparten das directrices centralizadoras xerais que estabelece AENA.

A importancia do tráfico aeroportuario na Galiza é cada vez máis relevante, non só polo aumento de persoas viaxeiras e de mercadorías que se rexistra cada ano, senón porque é preciso considerar aos aeroportos non simplemente como a instalación que facilita enlaces de transporte aéreo senón como un dinamizador que tamén opera para fortalecer e desenvolver outros sectores do tecido económico da Galiza.

Por iso, é unha necesidade urxente que as propias institucións de autogoberno da Galiza poidan asumir as competencias en materia de aeroportos de interese xeral a fin de deseñar unha política propia que ademais é oportuna tendo en conta a peculiar ubicación xeográfica galega, coa competencia próxima doutros aeroportos internacionais.

O vixente artigo do Estatuto de Autonomía contempla unicamente a competencia exclusiva nos aeroportos e heliportos non clasificados de interese xeral (artigo 27.9). Porén, a marxe das previsións estatuarias, o artigo 150.2 da Constitución habilita ao Estado para transferir ou delegar ás Comunidades Autónomas, mediante Lei Orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa natureza sexan susceptíbeis de transferencia ou delegación.

Así, a vía legal habilitada polo citado artigo 150.2, constitúe unha técnica de intervención extraordinaria para trasladar o exercicio de facultades competenciais de titularidade estatal ás Comunidades Autónomas. Ao mesmo tempo, permite modificar o reparto competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas deducido da Constitución, flexibilizar os límites que esta norma impón e ampliar o teito competencial das Comunidades Autónomas a medida que se van asentado, tanto xurídica como socialmente.

A presente proposición de Lei Orgánica regula a transferencia da titularidade dos aeroportos de interese xeral na Galiza, incluíndo os bens de dominio público afectos á actividade aeroportuaria, así como o traspaso da competencia das funcións de execución en materia aeroportuaria, deixando a salvo as de navegación aérea. Esta

## **BOLETÍN OFICIAL DE LAS CORTES GENERALES**

## **CONGRESO DE LOS DIPUTADOS**

Serie B Núm. 283-1 21 de noviembre de 2025 Pág. 7

articulación é coherente ademais coa propia delimitación que existe na regulación sobre a materia aérea, tanto na lexislación estatal, como nas directivas europeas e normativa internacional, que distingue as funcións de seguranza, certificación e navegación aérea das de xestión aeroportuaria.

#### Artigo 1. Obxecto da Lei.

A presente Lei ten por obxecto transferir, de acordo co disposto no artigo 150.2 da Constitución, as competencias de titularidade estatal en materia de xestión de infraestruturas aeroportuarias á Comunidade Autónoma da Galiza, nos termos recollidos nos artigos seguintes.

#### Artigo 2. Transferencia de competencias.

Transfírese á Comunidade Autónoma da Galiza a competencia exclusiva en materia de aeródromos e aeroportos civís radicados en territorio da citada Comunidade, tránsito e transporte aéreo no espazo aéreo da Galiza.

Esta transferencia implica o traspaso da titularidade dos aeroportos de interese xeral e dos bens de dominio público afectos a «AENA Aeropuertos, S.A.» sitos na Galiza e das competencias de execución da lexislación e política aeroportuaria estatal que comprende, en todo o caso, o control do réxime xurídico, a ordenación, dirección, coordinación, explotación, conservación e administración do sistema aeroportuario da Galiza e dos servizos que se presten no seu interior.

As competencias que se transfiren enténdense sen prexuízo daquelas de competencia estatal relacionadas cos servizos que se prestan nos aeroportos de defensa, seguranza exterior, alfándega e sanidade exterior, que seguirán exercéndose polas unidades da Administración Xeral do Estado adscritas a ditos servizos.

#### Artigo 3. Funcións encomendadas.

En virtude do disposto na presente Lei, unha vez realizado o traspaso dos servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma da Galiza terá encomendadas as seguintes funcións:

- a) Ordenación, dirección, coordinación, explotación, conservación e administración dos aeroportos públicos de carácter civil situados en territorio da Galiza, e dos servizos afectos aos mesmos, sen prexuízo do recollido no parágrafo terceiro do artigo 2 desta Lei.
- b) Planificación de infraestruturas aeroportuarias e das de navegación aérea asociadas ao uso dos aeroportos.
- c) Proxecto, execución, dirección e control dos investimentos en infraestruturas e instalacións dos aeroportos galegos.
- d) Deseño, creación e aprobación das taxas e prezos públicos e privados pola utilización do dominio público aeroportuario, así como a exacción e recadación, sen prexuízo das taxas específicas vinculadas á navegación aérea que a normativa atribúe a ENAIRE.
- e) Participación nos ensinos específicos relacionadas co transporte aéreo e suxeitas ao outorgamento de licenza oficial.

#### Artigo 4. Condicións do exercicio das competencias.

- 1. A Comunidade Autónoma da Galiza exercerá as funcións transferidas consonte os principios de eficacia, coordinación e colaboración coa Administración do Estado.
- 2. As facultades e servizos transferidos manterán o nivel de eficacia que teñan no momento da transferencia.

Serie B Núm. 283-1 21 de noviembre de 2025 Pág. 8

3. O exercicio das competencias transferidas será efectivo e asumido no momento en que se faga efectiva a transferencia de medios persoais, materiais, financeiros e orzamentarios mediante o acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta da Galiza e unha vez sexa aprobado o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.

#### Artigo 5. Modalidades de control.

- 1. A Comunidade Autónoma da Galiza adaptará o exercicio das competencias transferidas pola presente Lei Orgánica aos seguintes principios e controis:
- a) A Comunidade Autónoma da Galiza facilitará á Administración do Estado a información que esta solicite sobre as materias obxecto da transferencia.
- b) A Administración do Estado e a Comunidade Autónoma da Galiza facilitaranse reciprocamente o acceso e xestión da información que sexan precisos para o exercicio das respectivas competencias.
- 2. A estes efectos, constituirase unha Comisión Bilateral específica para abordar a coordinación e colaboración en materia aeroportuaria, que será constituída unha vez sexa acordado o traspaso de servizos obxecto da presente lei.

Disposición adicional única. Traspaso de servizos.

- 1. As Comisións Mixtas de traspaso de servizos precisarán os medios materiais e financeiros que sexan necesarios para o cumprimento das funcións comprendidas nos ámbitos das competencias que se transfiren na presente Lei e, no seu caso, concretarán cales das funcións levarán a cabo a través de órganos de cooperación, ou axustarán o seu exercicio a plans ou programas de carácter xeral.
- 2. O persoal ao servizo dos aeroportos vinculado a AENA, S.A. que no momento de realizarse o traspaso efectivo da xestión sexan adscritos á unidade, servizo ou organismo dependente da administración galega que sexa creado ou designado para o exercicio das competencias aeroportuarias gozará, en todo caso, dos mesmos dereitos laborais que ostentaban, particularmente no relativo a réxime retributivo, clasificación profesional, recoñecemento de antigüidade e regulación de permisos e excedencias laborais.

Disposición final primeira. Entrada en vigor.

A presente Lei Orgánica entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Disposición final segunda. Facultades de desenvolvemento.

A transferencia de competencias prevista nesta Lei Orgánica faculta á Comunidade Autónoma da Galiza a realizar o desenvolvemento legal e regulamentario necesario para o seu exercicio.

cve: BOCG-15-B-283-1